

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O tesouro do castro de Ceranzos

No lugar de Ceranzos, na parroquia de Xuances, en Xove (Lugo), hai un castro no que viviron os mouros ata que os botaron.

Aqueles mouros, coas presas da fuxida, aínda que contando seguramente poder recuperalo máis adiante, deixaron enterrado o peleso dun boi cheo de ouro. Sábese que o deixaron porque cando marchaban, cantaban:

Adeus, Ceranzos, Ceranzós,

terra dos nosos tataravós,

que na máis alta do castro

ten un peleso de boi enterrado.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

COLEXIO PÚBLICO DE XOVE, A fonte da vida longa, concello de Xove, 1989, p. 35.